

## CANZÓN DAS LAVANDEIRAS

Pousados nas cordas os paniños movían as áas.  
Eran un só pano que ó longo da corda voaba  
como as ondas do mare son unha soa onda que avança.  
A dúo co regato as lavandeiras cantaban;  
ó bater a i-auga na pedra pinzas salucaban  
e a canzón das lavandeiras de auga se mollaba  
jera com'a auga fresca e pura e crara.  
A mañá estaba chea toda de inxelezas de infanza;  
entregaba o seo corpo o home como unha muller namorada.  
O lonxano estaba preto, o ceo coa man se acadaba.  
- En cada corda unha pomba equilibrista avanzaba-  
N-un lecer do tráfego, as lavandeiras, caladas  
na i-auga do regato a súa canzón afogaba,  
Pra pescala, eu tendín esta lírica cana.

*Ricardo Carvalho Calero*

